

PERSOAS E COMUNIDADES CRISTIÁS NO MUNDO RURAL ACTUAL POSIBLES ACCIÓNS

1.-O mundo rural que temos hoxe non se parece moito ao que coñecemos cando nos criamos. En moitas cousas: número e idade da xente que o habita, composición das familias, traballo agrícola e gandeiro, servizos públicos (sanidade, ensino, comunicacións), capacidade económica, organización veciñal, convivencia con xente inmigrante e con familias que gustan de vivir no campo, sen traballaren no campo. Cambiou moito a nosa realidade e tamén incluso a nosa mentalidade. Nalgunhas cousas o cambio foi positivo, noutras non tanto.

Accións:

a. Ter algún encontro coa xente maior, con elementos festivos, comida, música incluso, para facilitar que poidan contar o vivido e tamén o seu estado de ánimo.

b. Cando a cousa se preste, recoller incluso a palabra e as historias dos nosos maiores falando destas cousas, e facelas públicas nalgún medio de comunicación (papel ou dixital) que poida ter a parroquia ou a UPA.

2.-Cambiaron tamén os nosos sentimentos relixiosos. Antes todos eramos católicos por tradición e ás veces á forza. Metíansenos no corpo e na alma dous medos que nos apuraban moito: o medo ao inferno e o medo ao que dirán. Se non cumprías eras mal visto, ou mesmo castigado. Agora somos máis libres; cada quen cre o que quere crer, e loita polo que lle parece máis atinado. Crer á forza é un mal crer.

Accións:

a. Nalgunha ocasión (Coresma, Nadal...) convocar unha reunión, e entre outras cousas tratar este tema, que a xente mesma, sobre todo a maior, conte a súa experiencia.

b. O Cura, os catequistas..., poden falar disto cando o vexan oportuno, valorando o feito de crer desde o convencemento, e respectando a quen decida quedarse a un lado.

c. escoitar a persoas que se apartaron da práctica relixiosa, ben nunha reunión destas, ou cando lle cadre. escoitalos e respectalos. As portas sempre abertas.

3.-Na Igrexa fóronse dando cambios importantes. Escaseza de curas, curas que atenden unha chea de parroquias, servizos relixiosos moi limitados, xente bautizada que non ten práctica relixiosa oficial, igrexas case baleiras, xente nova que pasa da fe ... A calidade vale máis ca o número, certo, pero hai quen di: onde vai parar todo isto!

Accións:

a. Dar información á xente sobre a realidade do clero na nosa diocese, parroquias que hai, curas que hai, idade media, número de parroquias que atenden, problemas para atender como se facía noutros tempos.

b. Dar unha información calmada e razoada sobre as UPAS, os porqués delas, a súa organización, o papel que podemos xogar aí os segrares. Unha realidade diferente pida unha resposta diferente.

c. Facerse conscientes, con datos na man, de cal é a realidade relixiosa da parroquia, da UPA. Partir do que hai, con humildade, con esperanza.

4.-Tamén houbo cambios moi positivos: o mesmo feito de decidir desde o convencemento e a liberdade de crer ou non crer, pasar dunha moral centrada moito no comportamento relixioso e na moral sexual a unha moral máis centrada na axuda, na responsabilidade social; o paso adiante de persoas segrares implicándose en tarefas da comunidade parroquial, a perda do protagonismo case exclusivo do clero...

Accións:

- a.Ver cal é a participación das persoas segrares na marcha da parroquia, da UPA.*
- b.Facer un plan, unha campaña humilde e seria para ir conseguindo que homes e mulleres segrares se vaian interesando pola comunidade, e dispoñéndose a asumir tarefas diversas.*
- c.Elaborar o formato e contido desa campaña, contrastalo coas parroquias ou UPAs que andemos nestas leñas, para que sexan algo efectivas.*

5.-Pero sobre todo está abrindo paso unha nova maneira de entender a Deus e a súa presenza e acción nas nosas vidas. Non pensamos tanto nun Deus alleo, alonxado, xuíz, ao que gañar e convencer coa nosa oración e práctica de vida, coma nun Deus achegado, que habita en nós, que é un con nós, que nos sorprende, que nos atende, que nos comprende, que nos reprende, que nos aprende, pero todo, todo sempre por amor, pois a súa maior gloria é que nós teñamos vida. Deus gánanos co amor, non coa vara.

Accións:

- a.Elaborar un pequeniño caderno teolóxico popular básico que expoña ás claras a fe e o estilo de vida que debería distinguir a unha persoa seguidora de Xesús de Nazaret.*
- b.Este caderno teolóxico popular débese facer cunha linguaxe popular, e buscando un estilo non subido, senón sinxelo, narrativo, con imaxinación, para que atraia e chegue.*
- c.Presentar este caderniño á xente da comunidade nun encontro especial, entregalo a todos, invitar a que o lean, e comentar a cousa nun encontro posterior.*

6.-Así nolo ensinou Xesús. E así o foi ensinando a Igrexa a través das mellores persoas crentes que nela se deron durante séculos. Así nolo ensina tamén o Papa Francisco. Non hai cousa máis potente que sentir e vivir así a Deus. As persoas cristiás fomos obsequiadas con esta fe tan fermosa, e estamos chamadas a compartila con alegría.

Accións:

- a.Recoller dos escritos do Papa Francisco aquelas ensinanzas básicas que el nos vén ofrecendo sobre Deus, sobre a Igrexa, sobre a maneira de ser persoas cristiás no noso tempo.*
- b.Presentar tamén e compartir entre as persoas da comunidade estas ensinanzas. Procurar facelo de maneira orixinal, empregando técnicas de comunicación máis actuais.*
- c.En encontros especiais de culto (Misas, funerais...), pero tamén en velorios e outros momentos espallar estas ensinanzas.*

7.-E como o imos facer a xente crente que vivimos no rural? É un gran reto, pero non é algo imposible; cremos que o poderemos conseguir, porque nos sabemos persoas acompañadas por Deus, por Xesús, polo Espírito, dispostas a coidar e gustar ese

acompañamento coa nosa oración humilde e coa nosa vida colaboradora.

Accións:

a. Coidar moito o aire positivo, no noso falar, á hora de facer comentarios do pasado, do presente. Transmitir sempre esperanza.

b. Contra o desalento que poidamos ter, cabe achegarnos con fe ao Deus que tanto nos quere, e a Xesús que nos fixo evidente este gran agarimo de Deus por nós: rezar soñando na esperanza.

c. Afacernos a valorar todas as pequiñas cousas que calquera persoa, grupo, parroquia, UPA poida estar facendo.

d. Beber da esperanza e da vida doutras persoas. Dar nós de beber vida e esperanza.

8.-Cales serían os pasos a dar? Somos poucos, non desanimarnos, empezar por xuntarnos para falar da nosa vida na parroquia, ler algo do evanxeo, rezar algo, dispoñernos para axudar, colaborar na parroquia, no concello... Varios encontros destes ao ano. Pensar ben as convocatorias, ata que prenda a ilusión na xente.

Accións:

a. No número 4 xa falamos de facer unha campaña para que homes e mulleres segrares se puidesen interesar pola parroquia, pola UPA con disposición de botar unha man. Agora tocaría convocar a esas persoas que demostraron ter ese interese.

b. Na xuntanza que se faga presentar unha proposta de funcionamento dun grupo formado por tales persoas.

c. Neste funcionamento habería que contemplar estes tres obxectivos:

-espírito de grupo, de comunidade, camiñamos xuntos.

-capacidades que cada quen pode poñer ao servizo da comunidade.

-conciencia de estarmos sendo un grupo de Xesús.

9.-É bonito que valoremos a nosa parroquia; pero para moitas cousas (accións, celebracións, información...) é normal xuntarse nun lugar céntrico, como xa se fai cos médicos, coas escolas. Buscaremos un bo equilibrio entre parroquia e comarca.

Accións:

a. Un tema delicado do que cómpre falar pública e particularmente con claridade e cautela.

b. Sinalar algunhas actividades que se farán na parroquia e outras nalgún lugar céntrico máis apropiado.

c. Ir experimentando con algunhas actividades, plans de formación, celebracións que se dean no lugar céntrico escollido.

d. Ver a oportunidade de ir rotando o lugar céntrico dos encontros.

10.-É importante que nos formemos nas cousas da fe cristiá. O ambiente pódenos arrastrar, se non temos unha fe ben asentada. É ben que, para á Primeira Comunión e Confirmación, lle ofrezamos á xente nova unha formación alegre, seria e libre a un tempo. As persoas maiores tamén nos debemos seguir formando, a partir das necesidades e acontecementos que na vida se nos vaian presentando.

Accións:

a. Pararnos no conxunto da diocese a ver por que os nenos e nenas fan a 1ª Comuñón e plantan, e o mesmo a mocidade que fai a Confirmación, e como poderíamos subvertir isto, insistindo na coherencia familiar (1ª Comuñón), e na liberdade (Confirmación). Queixámonos e queixámonos, pero seguimos facendo o mesmo.

b. Explicar con calma nas parroquias e UPAs o porqué dos posibles cambios a dar.

c. Crear un servizo catequético diocesano, cun responsable contratado pola diocese, para que dinamice a práctica catequética sobre todo nas zonas rurais, onde por haber curas de moita idade, por teren moitas parroquias, por haber poucos rapaces, por non saber empregar medios de comunicación máis actuais, a catequese non funciona ben.

d. Privilexar sempre a presenza amorosa e servicial de persoas namoradas do Evanxeo. Pois isto é o que máis contaxia a fe cristiá.

e. Apoiar a algunhas persoas concretas para que participen na Escola Diocesana de Evanxelización.

11.-Somos Igrexa, queremos colaborar coa xente e asociacións que nos rodean, para termos todos unha vida comunitaria digna; especialmente a xente que vive do campo. Cultivaremos o coidado da “casa común”, que queremos respectar, e compartir, sen abusos de ningún tipo, tal como o Papa nos ensinou coa carta “Laudato Si”. Miraremos pola xente máis vulnerable, e tamén polas persoas inmigrantes pobres.

Accións:

a. Coñecer de preto, mesmo participando nos mesmos, os grupos de acción social que poida haber na parroquia, na contorna.

b. Cando sexa do caso, traballar as súas propostas nas xuntanzas propias da comunidade cristiá.

c. Integrar estas realidades na nosa espiritualidade e celebracións: agradecendo, pedindo, felicitando éxitos..., p. ex., en momentos apropiados dunha Eucaristía.

12.-Curas e persoas segrares sentímonos unidas neste empeño noso e de Deus. Cada quen cos seus valores e capacidades, camiñando xuntos. Cada quen contribuíndo á vida do grupo, da comunidade parroquial, da Igrexa. Non vale xa o protagonismo total do clero, e non vale tampouco o pasotismo dos segrares. Buscamos novas formas de liderado coordinador, dinamizador. So un é o noso “dirixente”, Cristo, e todos nós somos irmáns e irmás (cfr. Mt 23, 8-10). Así queremos ser e actuar.

Accións:

a. Unha vez ao ano organizar un encontro de persoas con algunha responsabilidade na UPA, aínda que aberta a quen queira asistir, para tratar xuntos as dificultades e buscar xuntos maneiras de as superar.

b. Nestes encontros traballar sempre como camiñando xuntos, falando, escoitando, deixándonos coller polo Espírito.

c. Respectar o labor dos curas, e por igual o labor das persoas segrares.

13.-Miraremos con agarimo e agradecemento pola xente maior que viviu e nos transmitiu a fe e outros coñecementos vitais. Igual non están xa para moitas novidades, pero buscaremos maneiras de que poidan sentirse integradas, e non abandonadas nesta

nova etapa da Igrexa no rural. Valoraremos as súas vidas, a súa cultura, o seu sacrificio, tamén a súa fala, normalizando o uso do galego nos actos de culto.

Accións:

a.Organizar a nivel UPA unha festa da xente maior, na que se valore e agradeza as súas vidas.

b.Igual aproveitar esa xornada para unha celebración relixiosa ofrecendo a unción de enfermos/as a quen o solicite. Buscar unha maneira oportuna de preparación dese sacramento, por parroquias, ou mesmo con visitas persoais nas casas.

c.Homenaxear en cada unha destas festas a algunha persoa por algunha razón, que non ten por que ser nada do outro mundo.

d.Coidar ben o uso do galego na liturxia, por respecto aos nosos maiores, por respecto ás mesmas persoas que somos nós. A fala forma parte do noso ser colectivo.

14.-Necesitamos materiais de formación para cumprir este plan. Non moitos papeis e discursos, senón materiais sinxelos, apegados á vida do campo, que nos axuden a agradecer, coidar, gozar e compartir os bens de Deus presente na natureza e nos irmáns e irmás cos que facemos vida. Necesitamos aprender técnicas de comunicación.

Accións:

a.Xa falamos dun “caderniño doutrinal”, tamén doutro recollendo ensinanzas do Papa Francisco. Preparar outro, moi práctico, sobre o desenvolvemento do grupo.

b.Na formación non debería faltar algo que nos facilite un coñecemento da realidade rural sobre todo da xente que traballa no campo e vive del.

c.Nese posible órgano de comunicación (escrito, virtual) compartir novas que teñan que ver coa realidade rural.

15.-Buscaremos celebrar todo isto nas Eucaristías e actos de culto nos que participemos, sexa onde sexa. Buscaremos darnos tamén no mesmo Pan que se nos dá. Coa nosa oración aprenderemos a camiñar da man de Xesús Contamos tamén co apoio do noso irmán maior, o bispo Fernando, e de toda a diocese. Moito o agradecemos.

E que Deus sexa bendito co Fillo e co Espírito Santo, cos que nos sentimos UN.

Accións:

a.Compartir iniciativas entre parroquias do mundo rural. Crear algún órgano (escrito, dixital) que o facilite.

b.Cada ano celebrar o día do mundo rural nunha zona rural diferente, contando coa colaboración positiva de persoas da zona.

c.Todo isto implicaría unha acción coordinada de todos os curas e diversos axentes de pastoral das zonas rurais da nosa diocese.

Dentro de todas as posibles accións a levar a cabo, consideramos de especial importancia as seis seguintes:

- 1.-Elaborar (e logo botar a andar) un plan ben pensado para unha campaña humilde e seria a un tempo, coa finalidade de formar un grupo con persoas da parroquia ou da UPA, dispostas a irse preparando para asumir responsabilidades na marcha da comunidade parroquial ou da UPA.
- 2.-Preparar un material sinxelo sobre o funcionamento dese grupo: maneiras de traballar, obxectivos, procesos, ...
- 3.-Elaborar un caderniño teolóxico, moi sinxelo tamén, que presente as liñas fundamentais dunha maneira cristiá de entender e de vivir a Deus hoxe.
- 4.-Elaborar tamén un caderniño eclesial, que presente que é a Igrexa, como a vía o Papa Francisco, como podemos colaborar para vivila así nas nosas parroquias.
- 5.-A nivel diocesano, pero ollando tamén para as circunstancias da realidade rural actual, facer unha revisión posibilista, pero seria, dos procesos de iniciación cristiá (1ª Comunión e Confirmación), insistindo na coherencia da familia (1ª Comunión), e na liberdade e responsabilidade (Confirmación).
- 6.-Crear un órgano de intercomunicación a nivel de parroquias e UPAs rurais, para pasarnos información do que imos facendo, sen excluír, claro, a posibilidade dun encontro anual de parroquias ou UPAs que estean enredadas nestas tarefas.